

SESION PLENARIA extraordinaria

Día venres 2 de decembro de 2022,

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 13:40 horas do día venres 2 de decembro de 2022, a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

ASISTENTES:

ROBERTO REY MARTÍNEZ	79314640Z	PP
MANUEL FERREIRO MARZOA	34893023E	PP
JESUS MIGUEL PRADO CEA	46910475C	PP
M ^a ANGELES ALVAREZ CARRO	76363609K	PP
JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	76329065T	PP
JUAN CARLOS PORTOS BRA	76368290X	PP
ENRIQUE ASTRAY OTERO	45955540E	PSOE
JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	76363600N	PSOE
AURELIO GAREA PORTOS	79310360N	PSOE
MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE	35314415P	BNG

; baixo a Presidencia de ROBERTO REY MARTÍNEZ 79314640Z como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria do Concello Ángela María Viqueira Allo.

ORDE DO DÍA.

1.- PRIMEIRO.- MOCION DO PSDG PSOE EN RELACIÓN AS DEFICIENCIAS NA SANIDADE NO CONCELLO DE FRADES

Procédese co seguinte punto da Orde do día, procedendo o voceiro do grupo municipal socialista á lectura do escrito presentado en data de 17.11.2022 Nº RE 655:

MOCIÓN PARA SOLICITAR A CONVOCATORIA DUN PLENO EXTRAORDINARIO POLA VIA DE URXENCIA ANTE AS DEFICIENCIAS NA SANIDADE NO CONCELLO DE FRADES

ENRIQUE ASTRAY OTERO, con D.N.I. 45955540-E, voceiro do Grupo Municipal do Socialista no Concello de Frades; JOSÉ LUÍS PEREIRA BAO, con D.N.I. 76363600-N e AURELIO GAREA PORTOS, con D.N.I. 79310360-N; todos eles concelleiros do Concello de Frades, pertencentes ao Grupo Municipal Socialista; ao abeiro da lexislación vixente, presentamos a seguinte moción ao Pleno, pola que solicitamos a convocatoria dun pleno extraordinario de carácter urxente para buscar unha solución as deficiencias sanitarias no Concello de Frades.

A sanidade pública e de calidade é un dos piares fundamentais do Estado do Benestar, así como, unha das sinais de identidade do noso Estado Social e de dereito. A nosa Carta Magna no seu artigo 43 reconece o dereito a protección da saúde e dálle aos poderes públicos as competencias de organizala e tutelala. Ditas competencias recaen estatutariamente na Xunta de Galicia que é a administración encargada de dita tutela e de dita organización.

Fai un anos para aquí vimos sufrindo un deterioro da calidade sanitaria notable e considerable. Prazas que non se cobren, servizos que se recortan... Ademais a chegada da pandemia da COVID-19 serviu a Xunta de Galicia de coartada para aplicar os seus recortes, e sobre todo, na atención primaria, a cal sofre un deterioro indiscriminado.

Os e as Socialistas de Frades vimos denunciando, dende fai tempo, a falla de medios e de sanitarios no noso Concello, boa proba disto, son as seis mocións que este grupo presentou no actual mandato. A carencia do servizo de pediatría, a falta de sanitarios para atender os nosos veciños e veciñas son unha boa proba do deterioro que a sanidade sofre no noso concello. Atopámonos con que os dou médicos titulares no noso concello non están no seu posto e no canto de cubrir as baixas, só mandan un médico e co horario incompleto. Algo que fai que os nosos veciños e veciñas se sintan desprotexidos e desatendidos.

Por todo o descrito anteriormente, este pleno acorda:

1. *Instar a goberno local a que pida as explicación oportunas a Consellería de Sanidade.*
2. *Instar a que o goberno local faga as dilixencias precisas ante a Xunta de Galicia para que o servizo de atención primaria sexa a tempo completo e que faga de xeito urgente.*
3. *Instar a Consellería de Sanidade cubra o posto dos médicos titulares de Frades cando estes non poidan acudir a facer o servizo.*
4. *Instar a Consellería de Sanidade a que reestableza o servizo de pediatría.*

Frades, 2 de decembro de 2022

INTERVENCIÓNS

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Manuel Ferreiro Marzoa, indica:

Dicir que o grupo de goberno vai votar a favor desta moción, claro que queremos que haxa dous médicos e que os centros de saúde funcionen con facilidade:

- Que haxa servizo de pediatría e matrona.
- Nos tamén somos usuarios e veciños deste concello, e os máis interesados en que funcione.

Dito isto, quero facer unha serie de matizacións, voto en falta un pouco de autocrítica, fala vostede de recortes do Partido Popular en saúde pública, non estou dacordo:

Isto é rotundamente falso polo seguinte:

- Pasouse de 3.655 millóns de euros no 2009 a 4.495 millóns de euros no 2022, é dicir 840 millóns de euros máis.
- En gasto de persoal pasouse de 1.556 millóns de euros no 2009 a 1.906 millóns de euros no 2022, cunha media de 6.500 profesionais máis.
- En atención primaria pasouse de 442 millóns de euros no 2009 a 541 millóns de euros no 2022, é dicir, 100 millóns de euros máis.
- Tampouco é certo que se favoreza a sanidade privada pasouse de 220 millóns de euros no 2009 a 211 millóns de euros no 2022.

Falta de médicos en atención primaria hai en todas as Comunidades:

- Asturias, Cataluña, Baleares, Extremadura, Valencia, Castilla La Mancha.

En Extremadura frase do Presidente "Ni con todo el oro del mundo".

Hai que repartir responsabilidades:

No ano 2018 o Goberno do Partido Popular no Consello Interterritorial adquiriu uns compromisos entre eles:

- Crear novas prazas formativas de familia.
- 5 anos despois e catro ministros: ¿Que pasou?
- O PSOE agravou a situación:
 - Mudou o sistema de elección dos MIR
 - Demorou a aprobación as especialidades de emerxencias e urxencias

5 Comunidades firmaron un manifesto (Pais Vascos, Andalucía, Madrid, Castilla León, Murcia) que representan o 60% dos españois en que se pedía entre outras cousas:

- Modificar sistema de elección MIR
- Crear especialidades de emerxencias e urxencias.
- Aumentar prazas de MIR.

Curioso o BNG e PSOE votaron en contra.

En Setembro, o 13 eo 14, no Parlamento de Galicia, volveron votar en contra, neste 2022.

O concelleiro-voceiro do BNG, don Manuel Miguez Villaverde manifesta que está de acordo con este documento de feito no parlamento galego o seu grupo presentou unha moción moi similar. Frades está sin médico moitas horas do día tal é o caso do día do accidente do colexio. A realidade é que os médicos marchan a outros países sen volta. A solución resulta ser reter todo o pontencial que exista aquí e evitar que se vaia. En frades pasouse de ter dous médicos a ningún.

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do Psde G-PSOE, don Enrique Astray Otero, indica que os sanitarios marchar por ter unhas mellores condicións, evadir o problema votando a culpa a unhas ou

outras formacións políticas, a uns ou outros políticos non resolve nada o problema sigue existindo sendo que non hai médicos que os cidadáns están desatendidos.

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Manuel Ferreiro Marzoa, indica hai que falar de números, de profesionais que marchan, pero cantos marchan?. Esa é unha falacia, os datos son os que son; o 90% dos médicos que se formaron en Galicia nos últimos 10 anos quedáronse, 60% está fixo por concurso-oposición. Creouse unha nova categoría de facultativo especialista en primaria, sendo os primeiros en todo o Estado. Creáronse en propiedade, por concurso de méritos, 106 prazas de difícil cobertura.

Que fan o PSOE e O BNG a todas as propostas que se presentan no Parlamento, votar en contra ou emenda a totalidade.

- XIDE: PSOE vota si, BNG vota non.
- Receita por profesional saturado: PSOE e BNG votan non.

En canto a salarios dicir que houbo acordo unánime na mesa sectorial. Pero se vostedes saben algo máis díganmo.....

Que non hai médicos xa se sabe, cal é a alternativa que se propón??

O concelleiro-voceiro do BNG, don Manuel Miguez Villaverde advirte que os datos son os que son e o PP ca súa política en sanidade está desmantelando o sector sanitario público.

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do Psde G-PSOE, don Enrique Astray Otero, indica que parece entón, en atención ao que replica o voceiro do grupo municipal do PP, que a xente queixase de vicio.

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Manuel Ferreiro Marzoa, responde que sería conveniente que examinasen as listas de espera que existen en Galicia e o que sería desexable sería un pacto entre partidos respecto a temas tan importantes como este.

O Sr. alcalde explica as xestións levadas a cabo polo concello en atención a problemática concreta xurdida no centro de saúde aos efectos de dar coñecemento aos concelleiros.

Os concelleiros deciden incluír na moción no primeiro punto ao que segue:

1. *Instar a goberno local a que pida as explicación oportunas a Consellería de Sanidade en atención á situación acontecida no colexio CPI Pontecarreira.*
4. *Instar a Consellería de Sanidade a que reestableza o servizo de pediatría e o servizo de matrona.*

O pleno por unanimidade dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

- 1. Instar a goberno local a que pida as explicación oportunas a Consellería de Sanidade en atención á situación acontecida no colexio CPI Pontecarreira.**
- 2. Instar a que o goberno local faga as dilixencias precisas ante a Xunta de Galicia para que o servizo de atención primaria sexa a tempo completo e que faga de xeito urxente.**
- 3. Instar a Consellería de Sanidade cubra o posto dos médicos titulares de Frades cando estes non poidan acudir a facer o servizo.**
- 4. Insatar a Consellería de Sanidade a que reestableza o servizo de pediatría e o servizo de matrona.**

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 14:37 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo. Ángela María Viqueira Allo.